

A PLANIFICACIÓN TURÍSTICA SOSTIBLE: UNHA ANÁLISE APLICADA AO MUNICIPIO DE CALDAS DE REIS

XULIO X. PARDELLAS DE BLAS / CARMEN PADÍN FABEIRO
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Vigo

Recibido: 24 de maio de 2004

Aceptado: 9 de novembro de 2004

Resumo: O turismo como actividade económica presenta cada vez en maior medida unha notable importancia no ámbito local, fornecendo ingresos e emprego, ademais de servir como motor de desenvolvemento doutros sectores económicos, tales como a agricultura, a pesca, a artesanía, a construción, o transporte, etc. Con todo, tamén é certo que pode significar un factor desequilibrador e incluso ter un impacto negativo sobre o territorio, polo que cómpre un debate sobre os problemas do seu desenvolvemento.

Existe na actualidade unha importante e valiosa literatura científica sobre o tema da sostibilidade do turismo, na que se insire este traballo, intentando unha aplicación nos labores de planificación das ideas e fundamentos da sostibilidade no municipio de Caldas de Reis (Pontevedra) cos datos do estudo realizado polos autores no ano 2003 para analizar un proxecto de desenvolvemento turístico na área de influencia do municipio con fondos da iniciativa europea Leader, e no que se levou a cabo un inventario e unha auditoría de sostibilidade dos recursos

Palabras clave: Planificación / Auditoría / Sostibilidade.

A SUSTAINABILITY TOURISM DESTINATION PLANNING: THE CASE APPLICATION OF CALDAS DE REIS

Abstract: Tourism is an economic activity of increasing importance at local level in terms of income and employment. This activity becomes as well the engine behind the development of other economic sectors such as agriculture, fisheries, crafts, housing, transport, etc. However, tourism may become a factor leading to imbalances and even have a negative impact on the territory. Thus, a serious discussion about the problems derived of this activity must be fostered.

At present the literature on the topic of sustainable tourism is vast and valuable. Such works lay the basis for this paper, where the authors try to apply the literature to the municipality of Caldas de Reis (Pontevedra) using the data collected by the authors for their study on the tourist development project of the influence area of the municipality. This study was carried out in 2003 with funding from the European Initiative Leader. An inventory and audit of the sustainability of the resources were undertaken as part thereof.

Keywords: Planning / Audit / Sustainability.

1. A ACTIVIDADE TURÍSTICA COMO FACTOR DE DESENVOLVEMENTO: OS RECURSOS LOCAIS

De acordo cun gran número de investigadores (Torres, 2003, 1996; Vera, 1997; AECIT, 2002), e especialmente nos últimos informes da OMT (2001), as novas tendencias da demanda turística tanto cualitativa como cuantitativamente presentan unha diversidade crecente, o que, visto desde o lado da oferta, significa que

hoxe é posible elaborar un número case infinito de produtos turísticos que resulten atractivos para algún segmento relevante da demanda. A consecuencia no ámbito local é que calquera territorio dispón de recursos potencialmente interesantes para ofertar e, por outra parte, estes recursos locais son por definición endóxenos, logo é coherente a estruturación dunha oferta turística local que actúe no medio prazo como un importante factor de desenvolvemento.

Por razóns obvias, neste apartado limitáremos a propoñer unha breve reflexión sobre dúas cuestións de singular relevancia arredor dos dous problemas fundamentais que debe encarar o desenvolvemento no ámbito local: por unha parte, a consolidación do proceso, isto é, a continuidade no tempo das actividades económicas e sobre todo a estabilidade das melloras conseguidas en equipamentos e en nivel de vida para o conxunto da comunidade social. Por outra parte, a sostibilidade no uso dos recursos ou, o que é o mesmo, a preservación dos patrimonios natural e histórico eventualmente usados como recursos principais da actividade turística, o que en realidade constitúe a condición básica para conseguir a estabilidade antes citada (Torres, 2003).

En termos sintéticos, un destino turístico está constituído por un lugar de consumo cunha determinada imaxe de simbolismo social, onde os visitantes poden gozar de servizos e adquirir produtos materiais no contexto dunha concreta combinación de compoñentes que, de acordo coa súa mellor ou peor organización, transmitirá unha determinada percepción de calidade (Vera, 1997). Con esa visión, a articulación territorial do turismo presenta fondas conexións co resto das actividades económicas, e non se limita aos procesos que transforman contornas e ambientes naturais e crean produtos turísticos para satisfacer aquelas demandas dos visitantes. Por outra parte, o turismo como actividade económica, pero tamén como fenómeno e práctica social, integra formas singulares de actuación e relación que afectan ao territorio e que condicionan o resto das actividades e das relacións económicas e sociais, configurando unha nova estrutura territorial, social e económica (Hiernaux, 1996).

O debate neste momento aparece centrado na elección dun modelo de oferta por parte dos territorios en recesión ou claramente atrasados, que deben asumir o impacto do turismo na economía local, reconfigurando unha nova estrutura do seu sistema produtivo (Hiernaux, 1996), pero que á vez han de esforzarse en preservar a súa identidade social e cultural como un valor fundamental, conxurando o perigo do folclorismo turístico, que implicaría a negación da súa singularidade e a destrución dos seus recursos no medio prazo, ou tamén o risco da denominada, e menos visible, fusión de culturas, habitualmente cunha clara vantaxe para a cultura dominante; a do turista (Pizam e Mansfield, 2000).

Aínda que non sempre de forma explícita, aquel debate aparece interrelacionado co do propio modelo de desenvolvemento local, enfocado á súa vez desde as

dúas alternativas máis claras neste momento: prestarlles simplemente facilidades ás empresas e deixar actuar o mercado dentro dun razoable control social, ou planificar a orientación da actividade económica en conxunto, co obxectivo de incrementar o benestar de toda a sociedade. No primeiro caso, o turismo tería a consideración dun subsector económico máis, interrelacionado en maior ou en menor medida cos outros en función da súa especificidade e estacionalidade, mentres que, no segundo caso, a actividade turística tendería a integrarse no conxunto do sistema produtivo local con sinerxías positivas, destacando, por outra parte, que para a demanda turística o nivel de satisfacción está directamente relacionado coa percepción das ditas sinerxías ou, dito con outras palabras, dependerá do maior número de elementos que incidan no seu benestar dentro do destino (Swarbrooke, 1998).

Como é lóxico, tamén isto aparece condicionado pola sostibilidade, concepto multivariante de especial relevancia no ámbito local e sobre todo nos destinos inmaduros, sempre os máis vulnerables –como xa apuntamos– ao risco de deterioración dos seus recursos por un uso incorrecto, por conseguir beneficios no curto prazo, por inexperiencia ou por necesidade, xa que se observan zonas nas que o desenvolvemento turístico é a única estratexia de desenvolvemento formulada, polo que se “considera” necesario, coa visión nos beneficios no curto prazo, sen atender aos custos que necesariamente van unidos ao dito desenvolvemento.

A OMT (1996) define como turismo sostible aquel que se orienta a satisfacer as necesidades dos turistas actuais, xerando ingresos e benestar social no destino pero, á vez, conservando os recursos e garantindo a continuidade das ofertas e das actividades no longo prazo. Desde o noso punto de vista, e en rigor, constitúe un concepto que implica en calquera caso a utilización dun modelo de xestión dos recursos desde a perspectiva da súa proxección cara ao futuro, isto é, un modelo planificado.

2. TURISMO E SOSTIBILIDADE

Desde a perspectiva anterior, a planificación do turismo implica un elevado control social das actividades e dos seus efectos sobre os recursos e tamén, por outro lado, o obxectivo de que a maior parte dos beneficios económicos se trasladen ao conxunto da comunidade nas súas diversas formas: incremento da renda e dos ingresos, creación de emprego, equipamentos, infraestruturas, etc. Nese sentido, a planificación da actividade turística deberá entenderse como unha parte da estratexia de desenvolvemento local, integrarse no sistema produtivo e non constituír en ningún caso un elemento illado e autónomo no territorio.

Pola súa parte, hai xa tempo que o incremento das actividades turísticas e o uso dos recursos xerou, á súa vez, un importante debate con respecto á súa evolución dentro do concepto de sostibilidade. Pearce (1985) examina o conflito existente na

literatura sobre o tema partindo da nova hipótese que xa non considera ao turista óptimo *per se*, e analiza as situacións e os contextos nos que se move para diagnosticar os beneficios ou as perdas que supón o seu consumo de servizos turísticos. O debate na actualidade aínda se caracteriza pola fragmentación disciplinar, xa que os diferentes autores analizan e argumentan a favor ou en contra desde análises compartimentadas (Monfort, 2003). Nalgúns casos téndese a realzar as ganancias económicas e sociais desde o aspecto positivo da creación de emprego, a cambio dunha pequena e inevitable deterioración dos recursos (negativo para a comunidade en conxunto, pero de custo cero para os empresarios, que non asumen eses custos xa que os recursos lles son dados; por exemplo, nun hotel a pé de praia no que o empresario non asume o custo de mantemento dela nin asume o custo que a súa propia actividade provoca), tal e como denuncia Torres (2003). En xeral, Pearce (1985) sinala que frecuentemente esas diferenzas veñen motivadas por metodolóxicas febles e polo descoñecemento das diferentes formas de desenvolvemento turístico, ademais de que se poden realizar procesos similares de desenvolvemento que provocan impactos diferentes segundo o contexto no que se desenvolvan.

A maior parte dos estudos analizan o impacto do turismo en procesos xa desenvolvidos, pero novas análises avalían os efectos probables do desenvolvemento antes de que o proxecto siga o seu curso (Ávila, 2002). No caso de destinos emerxentes, tamén é preciso analizar os posibles impactos e repercusións que pode provocar a actividade. En consecuencia, cómpre distinguir entre os efectos na *contorna física*, onde é importante a adaptabilidade da actividade turística á contorna nos aspectos que se relacionan coas súas condicións físicas: solo, vexetación, relevo, paisaxe, fauna, clima, etc., e, en segundo lugar, entre as súas repercusións na *contorna social e cultural*, onde debemos considerar a evolución demográfica, as tradicións, o idioma ou a posible relación de dependencia con respecto á cultura dominante do turista.

Por último, as consecuencias na *contorna económica* son con frecuencia as máis analizadas, facendo unha aproximación á estrutura empresarial do sector, ao seu tamaño e diversidade, ás súas interrelacións co resto do sistema produtivo local, á súa dependencia do exterior, etc. Estes factores influirán no alcance e participación da súa poboación nos custos e nos beneficios da actividade.

2.1. IMPACTOS AMBIENTAIS

É fácil observar nos últimos anos unha tendencia crecente na demanda de produtos que responden a criterios ambientais e/ou ecolóxicos, e o turismo non é alleo a esta tendencia. A natureza estase convertendo nun dos atractivos fundamentais do turismo. Agora ben, este crecente interese da demanda pola ecoloxía non é suficiente por si só para asegurar a preservación da contorna, condición imprescindible

para un sector turístico sostible no longo prazo. Con esa visión, é obvia a interdependencia entre as actividades turísticas e a xestión ambiental. En positivo, a demanda turística xustifica e financia os gastos daquela xestión e garante o valor social e o propio valor económico da conservación. En negativo, un excesivo incremento de visitantes a unha contorna natural concreta implica un rápido desequilibrio entre os iniciais beneficios económicos e a súa evolución decrecente a medida que a deterioración ambiental provoca un descenso do interese dos turistas e, xa que logo, menores visitas e ingresos (Valls, 2003).

O concepto de impacto ambiental do turismo adoita relacionarse coas repercusións das actividades turísticas no medio natural, con especial referencia á capacidade de carga física dunha rexión. A definición maioritariamente aceptada é a de Mathieson e Wall (1982), que a formulan como o máximo número de persoas que poden utilizar un emprazamento sen provocar unha alteración irreversible na contorna natural e sen un declive inaceptable na calidade da experiencia dos visitantes. Esta definición amplamente aceptada non está exenta de problemas, xa que a capacidade é un límite impreciso que depende fundamentalmente do perfil sociolóxico dos visitantes e do modelo de turismo que demandan/producen.

Esta capacidade fai evidente un limiar crítico a partir do cal a calidade subxectiva da experiencia turística deteriórase polo feito de ter superado un límite de visitantes por unidade de superficie e tempo. Así, un municipio pode presentar masificacións nos meses de temporada alta, o que implica densidades de poboación moi superiores ás que se dan ao longo do ano. Esta situación temporal ocasiona unha especial presión sobre as infraestruturas e sobre o equipamento local, con efectos directos sobre a produción de residuos, o uso de espazos naturais e a calidade dos atractivos naturais como as praias, o mar ou a auga doce, de tal forma que a capacidade de carga dependerá da percepción por parte dos visitantes e esta, á súa vez, de variables máis obxectivas como o seu poder adquisitivo, o nivel cultural, os hábitos, etc.

O modelo turístico dominante en España, e en xeral no ámbito mundial, é aquel que ten como obxectivo atraer o máximo número posible de visitantes, conseguir que permanezan no destino un período de tempo prolongado consumindo servizos e outros bens e, sobre todo, reducir ao mínimo os custos fixos de explotación para aumentar o beneficio empresarial (Morant *et al.*, 1996). De feito, o denominado turismo de sol e praia funcionou sobre a base de usar estes dous recursos a custo cero para as empresas, e só nos últimos dez anos podemos observar algunhas actuacións da Administración (agora xa xeneralizadas), obrigando a establecer no litoral medidas correctoras da contaminación.

Nese contexto deben usarse os conceptos de deseconomías externas para relacionar as actividades dos axentes económicos privados cos bens colectivos. A sociedade ten que enfrontarse a custos crecentes derivados do impacto ambiental, como son a contaminación das augas, a deterioración dos fondos mariños, os cam-

bios na paisaxe, etc., que para as empresas significa utilizar un ben escaso a un prezo cero (Torres, 2003). Aquí se presenta unha situación que enfronta intereses económicos e ecolóxicos, pero tamén cómpre non esquecer que son intereses privados e colectivos, tratándose dunha situación definida en sentido *paretiano* como aquela en que ninguén pode aumentar o seu benestar sen diminuír o do outro. As correccións máis usadas apuntan a igualar o custo social e o custo privado obrigando ao pagamento dun imposto ao emisor da contaminación (ao axente que provoca o efecto externo en cuestión). Esta solución levouse a cabo mediante a implantación das ecotaxas, impostos aos axentes contaminantes para motivar prácticas respectuosas co ambiente e investimentos que eliminen os impactos. Pero de novo atopamos no debate social –e incluso no académico– o reflexo daquel enfrontamento entre intereses públicos e privados. A filosofía das ecotaxas era conseguir que a contaminación non xerara un beneficio extra aos seus responsables ou, o que é o mesmo, que o custo de contaminar nunca sexa menor ca o beneficio conseguido, co cal desaparece o traslado á colectividade dese custo privado e o efecto disuasorio pode funcionar. Non obstante, non faltan detractores a esta decisión administrativa co argumento de que provoca a fuga de investimentos e a redución do emprego.

Proposta como unha solución viable no contexto económico actual do sector turístico, Brunet e Belzunegui (1999) expoñen a caracterización dun modelo de planificación sostible da actividade turística fronte aos modelos tradicionais que causan os graves problemas que se expoñen no cadro 1 (analizado para os destinos litorais).

Cadro 1.- Impactos ambientais

CARACTERÍSTICAS DO MODELO TRADICIONAL	CONSECUENCIAS SOCIOECOLÓXICAS	RESPOSTA TURÍSTICA
Liberdade de circulación Potenciación insuficiente de vehículos colectivos	Polución de áreas turísticas por efecto CO ₂	Mellora das infraestruturas viarias de accesibilidade
Colonización de novos espazos naturais para a construción	Desaxuste e destrución da paisaxe	Crecedo importante das segundas residencias
Construción de canalizacións de auga e depuradoras	Polución de augas e esgotamento dos acuíferos	Incremento do consumo da oferta de lecer relacionado coa auga: parques acuáticos, campos de golf, consumo privado
Oferta expansiva de servizos de restauración e de comercio en xeral	Desaxuste sobre o equilibrio da economía produtiva	Proliferación de establecementos de servizos de restauración con baixas cotas de calidade
Concentración da contratación temporal no sector servizos	Desregularización das relacións laborais	Precarización do emprego
Masificación da oferta turística	Dificultade de establecer controis estándar da calidade dos produtos	Falta de controis institucionais que restrinxan a oferta
Masificación da demanda	Dificultades para a absorción das demandas derivadas de grandes colectividades, como por exemplo as sanitarias	Custos engadidos aos municipios en servizos estacionais

FONTE: Brunet e Belzunegui (1999).

Aínda que non sexa este o único modelo alternativo e existan outras propostas de planificación turística sostible (Vera e Ivars, 2003; Ritchie e Crouch, 2003), xa foi apuntado que a evolución da conciencia social sobre o valor da contorna está sendo trasladado á actividade turística, de forma que a calidade ambiental é hoxe un factor clave na competitividade do sector, cunha incidencia cada vez maior tanto na práctica empresarial coma nas actuacións da Administración.

2.2. IMPACTOS SOCIOCULTURAIS

Polo que respecta ás cuestións sociais, cómpre lembrar que o turismo non é considerado aquí como unha actividade económica máis senón como un conxunto de actividades que transforman sen destruílos un certo número de recursos naturais e históricos xenéricos, constituíndo unha práctica social colectiva que polos seus especiais mecanismos de relación afecta a un territorio e a dúas comunidades sociais: *a que se despraza* (os turistas), definida por unhas características culturais concretas, e *a que habita naquel territorio*, definida igualmente por outros trazos culturais que incluso poden ser absolutamente diferentes aos dos primeiros, e aquí radicaría o atractivo e/ou a motivación para o desprazamento (Vera, 1997). Desde esta perspectiva, máis ca unha actividade económica o turismo podería ser catalogado como un intercambio cultural entre sociedades, que precisa situarse nun territorio, que utiliza as súas características e recursos, que implica actividades económicas e que pode chegar a reconfigurar e a reordenar ese territorio.

Durante as primeiras etapas do desenvolvemento da actividade turística nun destino a poboación local adoita acoller ben aos turistas polas expectativas positivas que implica (creación de emprego, maiores ingresos) pero, a medida que a rivalidade polos recursos locais se agrava, os residentes van reducindo o entusiasmo inicial chegando incluso ao rexeitamento, sobre todo naqueles destinos onde domine o turismo de masas e onde se acaban formando guetos nos que os turistas reciben un trato especial e manteñen os seus costumes sen existir a penas integración coa sociedade receptora. Como sinalan Mathieson e Wall (1982, p. 121): "*o turista de masas está rodeado por, pero non integrado en, a sociedade receptora*". Aceptando a definición da OMT (1998), segundo a cal os impactos socioculturais do turismo son o resultado directo das relacións sociais que se establecen entre os residentes e os visitantes directamente ou pola simple observación destes últimos (efecto demostración), é obvio que a intensidade e a forma do impacto variará en función do tipo de visitantes atraídos, das diferenzas socioculturais, do grao de adaptación, etc., que poden variar notablemente no tempo, desde a configuración dun destino emerxente á súa consolidación como destino maduro.

No cadro 2 recóllense os impactos socioculturais do turismo na sociedade receptora, segundo a OMT (1998) e resumidos por Saste *et al.* (2002).

Cadro 2.- Resumo dos impactos socioculturais do turismo

FATORES ASOCIADOS CO TURISMO	IMPACTOS POSITIVOS	IMPACTOS NEGATIVOS
O uso da cultura como atracción turística Contactos directos entre turistas e residentes Cambios na estrutura económica e nos roles sociais Desenvolvemento das infraestruturas Aumento da poboación de turistas	Revitalización das artes tradicionais, festivais e linguas Incremento das culturas tradicionais Ruptura dos estereotipos negativos. Aumento das oportunidades sociais Maiores oportunidades económico-sociais Diminución das desigualdades sociais Aumento das oportunidades de lecer Mellora das condicións sanitarias, educativas e mellora da calidade de vida	Cambio nas actividades tradicionais. Invasión da privacidade Aumento da comercialización Introdución de enfermidades Efectos demostración Conflitos e tensións na comunidade Perda da linguaxe Perda de acceso ás actividades de recreo e lecer Conxestión, multitude, aumento da criminalidade

FONTE: OMT (1998).

Os efectos positivos do turismo desde o punto de vista social son os que implican unha mellora na calidade de vida da poboación local, observando casos nos que se producen cambios sociais inducidos, como unha maior tolerancia ou a mobilidade en sociedades xerarquizadas, entre outros (OMT, 1998). Por outra parte, a actividade turística en función dos recursos mobilizados pode revitalizar o interese da comunidade local pola cultura propia, polas tradicións, polos costumes, pola artesanía, polo folclore, contribuíndo a recuperar e conservar monumentos e lugares históricos como patrimonio material e incluso formas de vida e de traballo tradicionais como recursos etnográficos inmateriais, aínda que a propia OMT advirte sobre os perigos dunha incorrecta mercantilización do legado cultural.

2.3. IMPACTOS ECONÓMICOS

A análise económica do turismo foi adquirindo unha notable complexidade nos últimos anos a medida que as súas interrelacións co conxunto do sistema produtivo de cada país ou rexión foron evidentes. En España existe xa unha importante literatura científica que mostra a relevancia desta análise (Bayón, 1999; AECIT 2002). Aínda así, unha gran parte dos estudos céntranse na medición do gasto dos turistas (ingresos globais ou facturación total das empresas relacionadas co sector, por exemplo, a través de enquisas aos visitantes), ou na contribución do turismo ao crecemento do PIB (Figuerola, 1999). As contas satélite do PIB e as táboas input-output seguen a ser unha valiosa ferramenta de investigación pero de limitada aplicación ao ámbito local, como sería o obxectivo inicial deste estudo. Agora ben, antes de clasificar as tipoloxías dos impactos económicos do turismo, e desde as consideracións anteriores, cómpre subliñar que xa no curto prazo sempre van estar condicionadas polas propias características económicas, culturais e sociais do territorio (Wall, 1997), polo que o seu estudo previo debería ser condición indispensa-

ble para estimar con rigor a evolución dos efectos económicos das actividades turísticas nese territorio.

Os impactos económicos xerados polo turismo e a súa transmisión na economía pódense agrupar nas seguintes categorías (Martínez Roger, 2003; Goeldner *et al.*, 2000; Swarbrooke, 1998):

- A) *Impactos primarios ou directos*: son aqueles orixinados como consecuencia directa da actividade turística. Distínguense entre os positivos e os negativos, clasificándose en:
- 1) *Beneficios directos*: que se refiren aos ingresos relacionados co gasto realizado polos turistas.
 - 2) *Custos directos*: gastos relacionados en reposición de bens e servizos, así como as accións encamiñadas a protexer e/ou reparar o medio.
- B) *Impactos secundarios*: son os producidos a medida que o gasto turístico se incorpora no resto da economía. Distínguense:
- 1) *Directos*: gastos producidos na cadea orixinada na demanda de bens e servizos (inclúense as comisións a axencias de viaxe, márketing, investimento en bens de equipo e infraestruturas...).
 - 2) *Indirectos*: consecuencia dos gastos realizados en provedores e servizos locais.
 - 3) *Inducidos*: consecuencia de rendas en forma de salarios, dividendos e xuros que van pasando a mans da poboación residente.
- C) *Efectos terciarios*: fluxos monetarios que non foron iniciados directamente polo gasto turístico pero que se atopan relacionados dalgunha forma coa actividade.

Pódese deducir que neste contexto a parte do gasto turístico que permanecerá na economía local vai depender da proporción de empresas turísticas, provedores e traballadores locais fronte aos compoñentes foráneos presentes en cada rolda de gasto. Na clasificación dos impactos hai que estudar, ademais, as ameazas para a zona receptora que representa o turismo. Así, a categoría de impactos económicos do turismo pódese dividir en beneficios, ou impactos positivos, e custos, ou impactos negativos. Dentro dos custos distínguense entre os custos directos ou internos, que son aqueles nos que cabe a posibilidade de interiorizar ese custo facéndolle pagar ao turista unha cantidade como contrapartida ao uso ou aproveitamento duns determinados bens ou servizos, e –como xa apuntamos– aqueles outros custos polos cales o turista non paga un prezo: os custos externos ou as diminucións de utilidade que experimentan os residentes como consecuencia do consumo dos visitantes.

3. A PLANIFICACIÓN DUN NOVO DESTINO DESDE A SOSTIBILIDADE: O CASO DO MUNICIPIO DE CALDAS DE REIS (PONTEVEDRA)

Dentro das previsións do programa Leader 2003, o municipio de Caldas de Reis encargou un estudo á Universidade de Vigo coa finalidade de coñecer o potencial dos seus recursos e, en consecuencia, elaborar un deseño de orientacións para planificar o desenvolvemento das actividades turísticas que puidesen acollerse ás axudas comunitarias e dinamizar a economía local, dentro dunha filosofía claramente sostible no longo prazo.

A investigación partiu da análise e da caracterización do municipio como un destino emerxente, tendo en conta que a actividade turística a penas tiña relevancia na economía local. Isto con independencia das súas augas termais descubertas polos romanos e que permiten a explotación de dous hoteis-balnearios e o funcionamento de tres hoteis de dúas estrelas e doutros seis dunha estrela, que constitúen o aloxamento auxiliar dos usuarios que acoden ás termas por razóns de saúde e cunhas pautas médicas para seguir, que son clientes dos balnearios pero que pernoitan noutros establecementos.

Aínda que hai un amplo segmento de demanda que acode a Caldas por esta motivación, o equipo, non obstante, enfocou o traballo aplicando o concepto xenérico de territorio turístico complementario (Vera, 2002) na área xeográfica onde se atopa o municipio de Caldas, situado no “Camiño de Santiago” portugués e dentro dunha franxa interior próxima ao destino consolidado “Rías Baixas” (Valdés e Ruiz, 2003; Pardellas e Padín, 2001).

A hipótese de partida era a existencia dun mercado emisor secundario (as Rías Baixas), con máis dun millón de turistas no ano 2001 (Turgalicia, 2002) cara ao que se podía proxectar a imaxe de Caldas como destino interesante para visitas curtas, a menos de trinta minutos de Pontevedra, de Sanxenxo ou de Vilagarcía, coa expectativa no medio prazo de atraer desprazamentos directos desde os mercados emisores primarios (principalmente o centro e o leste da Península). Por outra parte, o problema suscitado era contrastar a posibilidade de configurar un destino consistente e eliminar os riscos dun turismo masivo que, ademais, partía coa situación débil de destino secundario con menor capacidade para seleccionar cualitativa e cuantitativamente eventuais visitantes (Hall, 2000; Mackay e Fesenmaier, 1997; Manning, 1999; Marchena, 1998).

Para a análise teórica existía unha importante literatura científica que axudou a simplificar as propostas. De feito, numerosos estudos propoñen instrumentos funcionais, a maioría desde un enfoque descritivo, que nas súas contribucións máis interesantes para este traballo intentan explicar a relación dinámica entre o comportamento turístico e as formas de asentamento, como podemos ver no modelo centro-periferia de Britton (1980), na análise das pautas de comportamento na viaxe achegado por Lundgren (1982), ou no modelo de viaxe multidestino de Lue,

Crompton e Fesenmaier (1993), que propón cinco modelos de viaxe: destino único, campo base, en ruta, *tour* rexional e viaxe encadeada. De forma complementaria, Pearce (1995) sintetiza varios traballos de planificación e análise desde a perspectiva da evolución dos destinos, entre os que destacan o modelo de evolución espazo-temporal que incorpora os cambios no grao de participación local e, con moito maior interese para o caso de Caldas, os estudos de Opperman (1993) sobre o papel dos turistas informais para abrir unha rexión destino aos mercados “formais” e de Leiper (1995) identificando as características e as condicións para que un destino sexa atractivo.

Con estas ferramentas de análise, o estudo iniciouse coa realización dun inventario de recursos *ad hoc*, dado que non se contaba con traballos previos e con datos suficientes, aínda que o obxectivo non era realizar unha catalogación técnica exhaustiva con todos os recursos reais e potenciais senón simplemente analizar as características esenciais dos principais recursos da zona e seleccionar os de maior relevancia no curto prazo na configuración dunha actividade turística sostible (Salvat *et al.*, 1997; Antón e Vera, 1998; Traverso *et al.*, 2000).

De acordo coa metodoloxía prevista, o inventario levouse a cabo en dúas fases: unha primeira centrada na busca de documentación existente, ben impresa (folletos, publicacións e informes do concello) ou ben de internet (páxinas web do municipio e da Xunta de Galicia), que permitiu a clasificación e a selección inicial dos recursos, e unha segunda fase de contraste e de revisión *in situ* dos resultados. Esta segunda fase, que consistiu nun percorrido sistemático por toda a xeografía municipal, determinou, como é lóxico, a clasificación definitiva dos recursos, despois de eliminar os dúbidosos, os inaccesibles ou os xa inexistentes, e permitiu completar a auditoría e o diagnóstico do seu potencial turístico.

O cadro 3 recolle os pasos de clasificación e o total de recursos finalmente auditados a partir das propostas de Leno Cerro (1993) e de Fuentes e Vasserot (2001), agrupando os criterios en catro bloques:

- 1) *Localización*: que recolle a situación xeográfica do recurso no territorio, así como a súa denominación ou o nome polo que se coñece.
- 2) *Información*: onde se especifican as vías e as canles de obtención de datos sobre o recurso tanto nos mercados emisores de turistas como no propio destino, isto é, os mecanismos para informarse e as características de sinalización no destino que faciliten a súa localización
- 3) *Accesibilidade*: referencia ás rutas de acceso ao recurso, o transporte que se podería empregar, as restricións de entrada, se fose o caso, etc.
- 4) *Uso turístico*: este apartado recolle os trazos actuais de explotación económica ou empresarial do recurso no caso de existir e o eventual control administrativo da súa capacidade de carga. Por outra parte, de non ter explotación introdúcese un factor valorado de potencial de uso.

Cadro 3.- Auditoría e distribución dos recursos turísticos de Caldas

CATEGORÍA DO RECURSO	Nº RECURSOS 1ª FASE	Nº RECURSOS 2ª FASE	Nº RECURSOS AUDITORÍA FINAL
Naturais	33	24	14
Arte/Monumentos	75	49	27
Etnografía material	14	14	4
Etnografía inmaterial	31	25	6
Total	153	112	51

FONTE: Elaboración propia.

O resultado final indica que o municipio posúe unha razoable variedade de recursos turísticos, cun grao de singularidade non superior aos doutros municipios do interior de Galicia, pero potencialmente atractivos para o mercado emisor secundario das Rías Baixas. Para a proposta final tivéronse en conta as dúas combinacións de categorías con maior interese e singularidade naquela contorna: natureza e etnografía, por unha parte, e historia, pola outra. A estruturación da oferta tivo en conta a redución do impacto ambiental por medio dun control administrativo das rutas e, sobre todo, do impacto sociocultural, tendo en conta que as actuacións sobre os recursos etnográficos e históricos estarían definidos en todo momento polos expertos que nomease a institución local.

Un primeiro bloque de propostas recollía o concepto de parque ambiental no río Umia que atravesa o municipio, con dous nodos principais:

- Una ruta circular polo río.
- Actividades deportivas no embalse próximo ao núcleo urbano.

Un segundo bloque utilizaba a historia como recurso básico, con outros nodos principais:

- A configuración do núcleo urbano como ecomuseo termal vivo.
- A potenciación do “Camiño de Santiago” portugués.

En ambos os dous bloques integrábanse os produtos ou as atraccións periféricas de maior singularidade: a rehabilitación e funcionamento de dous muíños de auga, a reconstrución da primeira central hidroeléctrica de Galicia, a gastronomía e o centro de interpretación termal, entre os máis destacados.

4. CONCLUSIÓNS

Existe un consenso na literatura acerca da importancia que para o desenvolvemento dun destino ten a consecución da sostibilidade a todos os niveis, xa que a súa pervivencia no tempo depende diso.

Así e todo, a pesar dos numerosos casos nos que se levaron a cabo plans ou actuacións encamiñadas a avaliar o nivel de sostibilidade dun destino, non se progresou na planificación sostible de destinos, sobre todo naqueles nos que se propoñen novos desenvolvementos turísticos.

Unha zona ou territorio poderá conseguir un turismo sostible cando os axentes implicados –organismos públicos, empresas e residentes– teñan un comportamento sostible. Ademais, tal e como quedou reflectido na primeira parte do traballo, é preciso comprender, e facer que os axentes comprendan, que a magnitude do desenvolvemento turístico debería variar en cada zona de acordo coas súas propias características ambientais e socioculturais, e ante todo é necesaria unha planificación baseada nos recursos naturais, históricos e socioculturais que deberán ser xestionados de forma que se manteñan ao longo do tempo.

Por todo isto, unha parte moi importante nos labores de planificación é a avaliación destes recursos, planificando o espazo e o aproveitamento racional dos recursos. Desta forma deberase intentar compatibilizar a protección do patrimonio e o seu aproveitamento con fins turísticos.

Desde esta visión integral do territorio, considérase que é un espazo cunha serie de recursos propios que posúen unha serie de características que motivan o desprazamento para a súa contemplación ou goce, de tal forma que deberán ser coidadosamente avaliados e planificados para conservar as súas características propias e reducir os impactos provocados pola actividade, tanto os ambientais como os socioculturais, xa que, se non, se perdería o recurso e, polo tanto, a base sobre a que se sustenta a actividade.

Polo tanto, cómpre planificar as actuacións no territorio, sobre todo naqueles que de forma incipiente están utilizando os seus recursos con fins turísticos, para evitar e minimizar os impactos negativos e maximizar os positivos e, sobre todo, garantir a sostibilidade no longo prazo.

Tendo en conta esta filosofía de sostibilidade, o estudo aquí presentado tiña como finalidade coñecer o potencial turístico do municipio de Caldas de Reis e a elaboración dunha serie de orientacións para planificar un desenvolvemento sostible da actividade.

Unha vez avaliados os recursos do municipio de Caldas de Reis, os resultados mostraron a existencia dun razoable potencial turístico, resumido en recursos naturais, etnográficos e históricos, cun notable grao de singularidade dentro da súa contorna xeográfica próxima.

O municipio está a 20 km ao norte de Pontevedra, cun acceso directo á autoestrada A-9, que o sitúa nunha isócrona máxima de trinta minutos desde os principais centros turísticos do destino “Rías Baixas”.

A oferta turística de Caldas pode proxectarse inicialmente como unha atracción complementaria daquel destino, que actuaría así como mercado emisor secundario, cun potencial de case un millón de turistas/ano no conxunto das tres rías.

As orientacións, recollidas no anexo, intentan configurar unha serie de produtos turísticos que presenten a Caldas como un destino de interior, con dous bloques ou liñas de actuación en función dos resultados obtidos na auditoría: os recursos naturais e a etnografía, por unha parte, e os históricos, por outra.


O primeiro grupo configurouse baixo o concepto de parque ambiental no río Umia, cunha ruta e actividades deportivas no embalse, cunha redución dos impactos socioculturais e ambientais, dado o control administrativo que o concello leva a cabo, e do impacto sociocultural, xa que as actuacións sobre os recursos etnográficos e históricos se definen a través dun grupo de expertos nomeados pola institución local.

O segundo bloque baséase na utilización dos recursos históricos, mediante a configuración do núcleo urbano como un ecomuseo termal e coa potenciación do “Camiño de Santiago” portugués, dentro dunha actuación integral que garanta as actuacións.


Como conclusión xeral, queremos destacar que a actuación proposta no municipio de Caldas é un intento de achegar os instrumentos de sostibilidade á planificación concreta dun territorio e, sobre todo, á necesidade de que a sostibilidade non quede nas propostas teóricas e que sexa un elemento indispensable para os axentes implicados.

ANEXO


ESQUEMA DE PROPOSTAS PARA A CONFIGURACIÓN DO DESTINO



Bloque 1: Parque ambiental río Umia



Bloque 2: Parque cultural urbano



BIBLIOGRAFÍA

- ANTÓN, S.; VERA, F. (1998): "Métodos y técnicas para la planificación turística del territorio", en J. Oliveras e S. Antón [ed.]: *Turismo y planificación del territorio en la España de fin de siglo*. Tarragona: Universitat Rovira i Virgili, Grups d'Estudis Turístics.
- ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CIENTÍFICOS EXPERTOS EN TURISMO (AECIT) (2002): *La actividad turística española en 2000*. Madrid: AECIT.
- ÁVILA, R. (2002): *Turismo sostenible*. Madrid: Iepala.
- BAYON, F. [dir.] (1999): *50 años del turismo español*. Madrid: Ramón Areces.
- BRITTON, S.G. (1980): "A Conceptual Model of Tourism in a Peripheral Economy. Tourism in the South Pacific: The Contribution of Research to Development and Planning", en D. Pearce [ed.]: *NZ MAB Report*, núm. 6, pp. 1-12.
- BRUNET, I.; BELEZUNEGUI, A. (1999): *Planificación sostenible y desarrollo turístico*. (Documento de treball, 1). Universitat Rovira i Virgili, Departament de gestió d'Empreses i Economia.
- FIGUEROLA, M. (1999): *Introducción al estudio económico del turismo*. Civitas. Madrid: Civitas.
- FIGUEROLA, M. (2002): "Contribución del turismo a la economía española", en: *La actividad turística española en 2001*. Madrid: AECIT.
- FUENTES, R.; VASSEROT, C. (2001): *El turismo interior en Málaga*. Málaga: Diputación Provincial de Málaga.
- GOELDNER, C.; RITCHIE, B.; MCINTOSH, W. (2000): *Tourism Principles Practices*. Nova York: Wiley & Sons.
- HALL, D.R. (2000): "Tourism as Sustainable Development: The Albanian Experience of Transition", *International Journal of Tourism Research*, vol. 2, núm. 1. Chichester: John Wiley & Son.
- HIERNAUX, D. (1996): "Elementos para un análisis sociogeográfico del turismo", en: *Turismo e geografía. Reflexões teóricas e enfoques regionais*. São Paulo: Hucitec.
- LEIPER, N. (1995): *Tourism Management*. Melbourne: RMIT Press.
- LENO CERRO, F. (1993): *Técnicas de evaluación del potencial turístico*. Madrid: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, Centro de Publicaciones.
- LUE, C.; CROMPTON, J.; FESENMAIER (1993): "Conceptualization of Multidestination Pleasure Trips", *Annals of Tourism Research*, 20, pp. 289-301.
- LUNDGREN, J. (1982): "The Tourism Frontier of Nouveau Québec: Functions and Regional Linkages", *Tourism Review*, 37, pp. 17-35.
- MACKAY, K.J.; FESENMAIER, J.T. (1997): "Pictorial Element of Destination in Image Formation", *Annals of Tourism Research*, 24, pp. 537-565.
- MANNING, T. (1999): "Indicators of Tourism Sustainability", *Tourism Management*, 20, pp. 179-181.
- MARCHENA, M. (1998): "Políticas de desarrollo de productos turísticos y estrategias de planificación del territorio", en J. Oliveras e S. Antón [ed.]: *Turismo y planificación del territorio en la España de fin de siglo*. Tarragona: Universitat Rovira i Virgili, Grups d'Estudis Turístics.
- MARTÍNEZ ROGET, F. (2003): *Turismo rural: Características de la actividad e impacto económico en Galicia*. (Tese de doutoramento). Universidade de Santiago de Compostela.

- MATHIESON, A.; WALL, G. (1982): *Tourism: Economic, Physical and Social Impacts*. Londres: Longman.
- MONFORT, V. (2003): "La sostenibilidad del crecimiento turístico", en L. Valdés: *Experiencias públicas y privadas en el desarrollo de un modelo turístico sostenible*. Fundación Universidad de Oviedo.
- MORANT, A. ET AL. (1996): "Oferta turística", en A. Pedreño [dir.]: *Introducción a la economía del turismo en España*. Madrid: Civitas.
- OPPERMAN, M. (1993): "Tourism Space in Developing Countries", *Annals of Tourism Research*, 20, pp. 535-560.
- ORGANIZACIÓN MUNDIAL DEL TURISMO (1996): *El desarrollo sustentable del turismo: papel del municipio*. La Habana: OMT.
- ORGANIZACIÓN MUNDIAL DEL TURISMO (1997): *What Tourism Managers Need to know: A Practical Guide to the Development and Use of Indicators of Sustainable Tourism*. Madrid: OMT.
- ORGANIZACIÓN MUNDIAL DEL TURISMO (1998): *Apuntes de metodología de la investigación del turismo*.
- ORGANIZACIÓN MUNDIAL DEL TURISMO (1999): *Taller de sostenibilidad*. Madrid: OMT.
- ORGANIZACIÓN MUNDIAL DEL TURISMO (2000): *Taller de sostenibilidad*. Madrid: OMT.
- PEARCE, D. (1995): *Tourism Today: A Geographical Analysis*. 2ª ed. Nova York: Longman.
- PIZAM A.; MANSFELD Y. [ed.] (2000): *Consumer Behaviour in Travel and Tourism*. Binghamton: Haworth Press.
- RITCHIE, J.A; CROUCH, G. (2003): *The Competitive Destination: A Sustainability Perspective*. University of Calgary.
- SALVAT ET AL. (1997): "Evaluación del potencial turístico de las montañas del Prades", en J. Oliveras e S. Antón [ed.]: *Turismo y planificación del territorio en la España de fin de siglo*, pp. 107-115. Tarragona: Universitat Rovira i Virgili, Grups d'Estudis Turístics.
- SANCHO PÉREZ, A. ET AL. (2001a): *Indicadores de standars de calidad para valorar el grado de sostenibilidad en los destinos turísticos*. Proyecto FEDER (1FD97-0193).
- SANCHO PÉREZ, A. ET AL. (2001b): *Auditoria de calidad en los destinos turísticos*. Valencia: Instituto de Economía Internacional.
- SASTRE, A. ET AL. (2002): "Impactos económicos, sociales y medioambientales del turismo en las islas Baleares", *XXVIII Reunión de Estudios Regionales*. Murcia.
- SWARBROOKE, J. (1998): *Sustainable Tourism Management*. Oxford: CAB International Publishing.
- SWARBROOKE, J., HORNER, S. (1999): *Consumer Behavior in Tourism*. Oxford: Butterworth Heinemann.
- TORRES, E. (1996): "Las megatendencias en el sector turístico", en L. Valdés: *Turismo y promoción de destinos turísticos*.
- TORRES, E. (2003): "Una aproximación a la sostenibilidad económica en los procesos de desarrollo turístico", en L. Valdés y J.M. Pérez [dir.]: *Experiencias públicas y privadas en el desarrollo de un modelo de turismo sostenible*. Fundación Universidad de Oviedo.
- TORRES GÓMEZ, H. (1998): *España y Portugal. Siglos IX-XX. Vivencias históricas*. Madrid: Síntesis.
- TRAVERSO ET AL. (2000): "Análisis de la gestión de la información turística a través de las páginas web, como ventaja competitiva de la provincias españolas", *II Congreso Universidad y Empresa*. Valencia: Tirant lo Blanch.

- TURGALICIA (2002): *Datos estadísticos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia
- VALLS, J.F. (2003): *Las claves del mercado turístico*. Barcelona: Esade.
- VERA, F. [coord.] (1997): *Análisis territorial del turismo*. Barcelona: Ariel.
- VERA, F. (2002): “Estrategias de diversificación y diferenciación en destinos turísticos litorales: la revalorización del patrimonio cultural y urbano”, en X. Pardellas [dir.]: *Estrategias turísticas urbanas*. Vigo: Universidade de Vigo, AGCR.
- VERA, F.; IVARS, J.A. (2003): “Sistema de indicadores aplicado a la planificación y gestión del desarrollo turístico sostenible”, en L. Valdés [dir.]: *Experiencias públicas y privadas en el desarrollo de un modelo turístico sostenible*. Fundación Universidad de Oviedo.
- WALL, G. (1997): “Rethinking Impacts of Tourism”, en *Tourism Development. Environmental and Community Issues*. Chichester: John Wiles & Son.